

MBID/Ra/Ms/At

Data Rexistro: 09/06/2026 16:45:32
Nº Rexistro: 2026000617

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 29 de maio de 2026, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas polo Sra. Deputada Ana Laura Iglesias González

18.8671.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- E rogos e preguntas. Ten a palabra a voceira socialista.

Sra. Iglesias González.- Vale, moitas grazas. A primeira pregunta é ¿si considera o Goberno provincial que as actuacións actualmente financiadas, a reforma de Rosalía de Castro e o novo vial dan resposta suficiente ás necesidades do barrio de Mollabao, ou está disposta a estudar novas actuacións complementarias en colaboración co concello e coa asociación veciñal? Non, é a unha, bueno, dá igual, poña o que queira Presidente, eu xa non discuto máis con usted disto.

E a seguinte é se está disposta a Deputación a estudar dentro das súas liñas de cooperación municipal o financiamento de actuacións complementarias en Mollabao destinado a zonas verdes e espazos de lecer, parques infantís ou instalacións deportivas, necesidades que a veciñanza considera que aínda non foron atendidas polos proxectos actuais.

Sr. Presidente.- Ben, grazas. ¿Algunha pregunta, rogo? Non. Damos entón por finalizado este Pleno ordinario. Moi bo día a todos e a todas.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

A Secretaria,

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

Dña. Ana Laura Iglesias González - Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno).- Presidencia.-



Preguntas efectuadas pola voceira do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, Dona Ana Laura Iglesias González, na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 29 de maio de 2026:

1ª PREGUNTA:

Si considera o Goberno provincial que as actuacións actualmente financiadas, a reforma de Rosalía de Castro e o novo vial dan resposta suficiente ás necesidades do barrio de Mollabao, ou está disposta a estudar novas actuacións complementarias en colaboración co concello e coa asociación veciñal.

RESPOSTA:

Trátase de obras de competencia municipal e ao Concello de Pontevedra lle corresponde planificar, executar e valorar se estas actuacións responden ás necesidades do barrio de Mollabao.

O actual goberno desta Deputación está sempre disposto a colaborar cos concellos da provincia, porque entende que a cooperación é a mellor ferramenta para mellorar a vida da veciñanza.

Se o Concello, no marco da súa competencia e da participación veciñal, identifica novas actuacións complementarias e as traslada polas vías de cooperación previstas, serán acollidas e estudadas coa mellor das disposicións, sempre co único obxectivo de servir ao ben da cidadanía.

2ª PREGUNTA:

Se está disposta a Deputación a estudar dentro das súas liñas de cooperación municipal o financiamento de actuacións complementarias de Mollabao destinado a zonas verdes e espazos de lecer, parques infantís ou instalacións deportivas, necesidades que a veciñanza considera que aínda non foron atendidas polos proxectos actuais.

RESPOSTA:

As zonas verdes, os espazos de lecer, os parques infantís e as instalacións deportivas son actuacións de competencia municipal. Corresponde, por tanto, ao Concello de Pontevedra planificar e priorizar estas dotacións e valorar as necesidades que a veciñanza traslada respecto de Mollabao.



O papel desta Deputación é o de cooperar para que o Concello poida facer fronte a esas actuacións. E ese é un compromiso que esta institución asume sen reservas: o goberno desta Deputación está sempre disposto a escoitar, a entender e a atender as necesidades da veciñanza, colaborando cos concellos en beneficio de todas e de todos.

Asinado dixitalmente.

Luis López Diéguez

Presidente

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P36000000H)
Cargo: Presidente
Data: 26/06/2025 10:06

